

A Coruña, 1 de setembro de 2016.

Estimado/a Director/a:

Co comezo do curso escolar 2015-2016, pónome en contacto con vostede para indicarlle que, un ano máis, continuamos ofrecendo á institución educativa que dirixe, a posibilidade de que alumnos, profesores e pais poidan beneficiarse da colaboración que os nosos expertos das Forzas e Corpos de Seguridade do Estado lles brindan a través da temática recollida no *Plan Director para a Convivencia e Mellora da Seguridade nos Centros Educativos e os seus Contornos*.

En relación co contido do noso escrito que o Sr. Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria tivo a amabilidade de colgar no Portal Educativo de Consellería o ano pasado, recordámoslle que, entre outros, os obxectivos que se pretenden acadar coas actuacións recollidas no Plan Director, son todos aqueles que procuran dar respostas coordinadas e eficaces a todas as cuestións relacionadas coa seguridade dos alumnos nos centros educativos e os seus arredores, os que fortalecen a cooperación policial coas autoridades educativas, os que pretenden mellorar o coñecemento que a poboación escolar posúe sobre os recursos policiais ou os que fomentan nos nenos e xoves o respecto polos dereitos fundamentais.

Continuamos coa proposta de actividades relacionadas:

- Co acoso escolar nas súas diferentes formas.
- Cos riscos asociados a utilización da Internet e as novas tecnoloxías.
- Co consumo e tráfico de estupefacientes.
- Co consumo de alcol.
- Coa violencia contra os centros escolares e as comunidades educativas.
- Coas actividades de grupos violentos de carácter xuvenil.
- Cos abusos y agresións sexuais.
- Co maltrato no ámbito familiar.
- Coa violencia sobre a muller.
- Coa discriminación por razón de sexo u orientación sexual.
- Cos comportamentos racistas y xenófobos.
- Cos perigos e ameazas relacionadas coa prostitución e a pornografía infantil.
- Etc.

Analizando a incidencia de como todas estas cuestións están afectando, de forma xeneral, a toda a sociedade e, en particular, aos máis xoves; se o seu centro é usuario habitual das intervencións que con tanta eficacia están levando a cabo os membros das Forzas e Corpos de Seguridade do Estado, seguro que, para favorecer aos seus alumnos, continuará solicitando a súa intervención. Se polo contrario, non se propuxo esta posibilidade, animámoslle a que o faga. A experiencia dos últimos cursos avalan o noso punto de vista.

Como xa coñece, os expertos das Forzas e Corpos de Seguridade do Estado, xunto coas Unidades de Coordinación de Violencia sobre a Muller da Delegación do Goberno en Galicia e das Subdelegacións a nivel provincial, en colaboración cos Servizos Territoriais da Inspección Educativa das Xefaturas Territoriais da Consellería de Cultura, Educación y Ordenación Universitaria, son os responsables da execución do Plan Director que, desde o ano 2013, ten vocación de permanencia no tempo.

Se vostede ten interese en coñecer mais polo miúdo o contido deste programa, pode descargar a Instrución 7/2013 da Secretaría de Estado de Seguridade e todo o resto da documentación para participar no Plan Director no enlace seguinte: <http://www.edu.xunta.es/web/node/17041>.

Para calquera aclaración, pode dirixirse á Área Funcional de Alta Inspección en Galicia, rúa Durán Loriga, nº 9, 5º. Teléfono: 981989550-53-57. Correo electrónico: educación.acoruna@seap.minhap.es.

Reciba un cordial saúdo.



A handwritten signature in blue ink, consisting of several fluid, overlapping loops and strokes, positioned to the right of the official stamp.